



Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Física 2	Código	610G01004		
Titulación	Grao en Química				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Prerrequisitos					
Departamento	Física				
Coordinación	Rilo Siso, Esther	Correo electrónico	esther.rilo.siso@udc.es		
Profesorado	Rico Varela, Maite	Correo electrónico	maite.rico@udc.es		
	Rilo Siso, Esther		esther.rilo.siso@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Proporciona os coñecementos de Física Xeral necesarios para a fundamentación das leis e fenómenos da Química. Trátase dunha materia que é o elo entre as Matemáticas e a Química no sentido de dar unha formulación formal das observacións científicas que permiten o establecemento de leis e resultados sen os que non é posible ?pechar? o método científico. As leis da física proporcionan os ingredientes básicos nos que se apoian a maioría das ciencias, así como a instrumentación e técnicas de medida que se utilizan en todos os campos científicos, e moi especialmente na química. De aí a súa importancia e presenza no primeiro curso da titulación, xa que xunto coa Física 1 proporciona ó alumno a base conceptual que precisa para abordar as materias de outros módulos e cursos da titulación.</p> <p>Preténdese introducir ó alumno no método científico, alcanzar a comprensión dos principios básicos da física fundamentalmente nos campos da electricidade, magnetismo e ondas. Chegar a saber reducir os problemas reais ós seus aspectos máis esenciais, e aprender a aplicar os coñecementos físicos ó campo da química.</p> <p>Os descritores son: concepto de campo e a súa aplicación ó campo gravitatorio e eléctrico, principios de electromagnetismo e ondas.</p> <p>Proporciona los conocimientos de Física General necesarios para la fundamentación de la leyes y fenómenos de la Química. Se trata de una asignatura que es el nexo entre las matemáticas y la química en el sentido de dar una formulación formal de las observaciones científicas que permiten establecer leyes y resultados sin los que no es posible ?cerrar? el método científico. Las leyes de la física proporcionan los ingredientes básicos en las que se apoyan la mayoría de las ciencias, así como la instrumentación y técnicas de medida que se utilizan en todos los campos científicos, y muy especialmente en la química. De ahí su importancia y presencia en el primer curso de la titulación ya que junto con la Física 1 proporciona al alumno la base conceptual que necesita para abordar las asignaturas de otros módulos y cursos de la titulación.</p> <p>Se pretende introducir al alumno en el método científico, alcanzar la comprensión de los principios básicos de la física, fundamentalmente en los campos de la electricidad, magnetismo y ondas. Llegar a saber reducir los problemas reales a sus aspectos más esenciais, y aprender a aplicar los conocimientos básicos al campo de la química.</p> <p>Los descriptores son: concepto de campo y su aplicación a los campos gravitatorio y eléctrico, principios de electromagnetismo y ondas.</p> <p>Provides knowledge of General Physics required for substantiation of the laws and phenomena of chemistry. This is a subject that is the link between mathematics and chemistry in the sense of giving a formal formulation of scientific observations that establish laws and results without which you can not &quot;close&quot; the scientific method. The laws of physics provide the basic ingredients in which most sciences are supported, as well as instrumentation and measurement techniques used in all scientific fields, and especially in chemistry. Hence its importance and presence in the first year of the degree, since along with Physics 1 provides students with the necessary basis for understanding matters of other modules and courses of the degree.</p>				

Competencias da titulación



Código	Competencias da titulación
A1	Utilizar a terminoloxía química, nomenclatura, convenios e unidades.
A3	Coñecer as características dos diferentes estados da materia e as teorías empregadas para describilos.
A12	Relacionar as propiedades macroscópicas coas de átomos e moléculas.
A14	Demostrar o coñecemento e comprensión de conceptos, principios e teorías relacionadas coa Química.
A15	Recoñecer e analizar novos problemas e planear estratexias para solucionarlos.
A19	Levar a cabo procedementos estándares e manexar a instrumentación científica.
A20	Interpretar os datos procedentes de observacións e medidas no laboratorio.
A22	Planificar, deseñar e desenvolver proxectos e experimentos.
A23	Desenvolver unha actitude crítica de perfeccionamento na labor experimental.
A24	Explicar, de xeito comprensible, fenómenos e procesos relacionados coa Química.
A25	Relacionar a Química con outras disciplinas e recoñecer e valorar os procesos químicos na vida diaria.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
	Esta materia pretende introducir ó alumno no método científico, alcanzar a comprensión dos fenómenos e procesos relacionados con aspectos básicos da Física. Dispoñer dos fundamentos teóricos mínimos que permitan a comprensión dos aspectos da química relacionados coa mecánica de fluidos, cos fenómenos eléctricos e magnéticos. Saber reducir os problemas reais ós seus aspectos máis esenciais, e aplicalos ó campo da Química.	A1 A3 A12 A14 A15 A19 A20 A22 A23 A24 A25	B1 B2 B3 B4 B5 B7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Teoría de Campos	Campos escalares e vectoriais Gradiente, diverxencia e rotacional Circulación dun vector, fluxo a través dunha superficie Campos de forzas centrais
2. Fluidos	Fluidos ideais Fluidos reais Fenómenos de superficie
3. Gravidade	Campo gravitatorio Energía potencial gravitatoria



4. Electricidade	Campo e potencial eléctricos Capacidade Corrente eléctrica e circuitos de corrente continua
5. Magnetismo	Campo magnético Inducción magnética Circuitos de corrente alterna
6. Oscilacións e ondas	Oscilacións Movemento ondulatorio
7. Luz	Propiedades Imaxes ópticas Interferencia e difracción
Prácticas de Laboratorio: determinacións da tensión superficial, densidade coa balanza hidrostática e copicnómetro, resistencia con un puente de Wheatstone, da relación carga/masa do electrón, medidas de corrente, resistencia e diferenza de potencial en circuitos.	

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	27	67.5	94.5
Solución de problemas	9	13.5	22.5
Prácticas de laboratorio	15	15	30
Proba mixta	2	0	2
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Durante a sesión maxistral o profesor explicará o tema que corresponda incluíndo formatos diferentes (teoría, problemas e exemplos xerais...) facendo fincapé no máis relevante para o alumno, e en aqueles aspectos de máis dificultade. O alumno poderá preguntar todas as cuestións que se lle plantexen durante o desenvolvemento da sesión.
Solución de problemas	Clase teórico-práctica na que se plantexaran e resolverán problemas relacionados cos temas do programa que terán que resolver os estudantes baixo a supervisión da profesora, individualmente ou en grupos. Inclúense nestas clases actividades que impliquen a participación das alumnas e alumnos, como poden ser saídas ó encerado, entrega de traballos ou exercicios...que contribuirán á avaliación continua. Desta maneira o profesor pode observar as dificultades de comprensión que cada alumno presenta na resolución de problemas.
Prácticas de laboratorio	O alumno realizará prácticas de laboratorio para a aplicación dos coñecementos adquiridos nas sesións maxistras e de resolución de problemas. Con esta metodoloxía adquiren as habilidades propias dun laboratorio de Física, que inclúe o manexo de instrumentos de medida e o tratamento e análise de datos de propiedades e magnitudes físicas. Disporán do guión da práctica e do material necesario para a súa montaxe e realización, estando atendidos en todo momento polo profesor.
Proba mixta	É a proba para a avaliación dos coñecementos que permite á profesora a valoración do nivel de aprendizaxe do estudante.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Solución de problemas	<p>As horas de atención personalizada (titorías) poñen ó profesor a disposición do alumno de forma personalizada para todas as cuestións que poidan xurdir durante a aprendizaxe da materia. Ademáis o profesor convocará, periódicamente, ós alumnos a titorías coa intención de que reciban a necesaria orientación.</p> <p>Os alumnos chegan a esta materia con niveis de coñecementos e habilidades moi dispares debido ás diferentes opcións cursadas no bacharelato. As carencias que os alumnos arrastren de cursos anteriores non serán temas para desenvolver nestas horas pero se lle guiará no que debería facer para acadar o nivel que lle permita superar a materia.</p>

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A asistencia non é obligatoria e non se avaliará, aínda que se recomenda para acadar os obxectivos da materia.	0
Prácticas de laboratorio	A realización das prácticas é OBLIGATORIA polo que non se pode aprobar a asignatura sen facelas. A nota máxima que é posible acadar con esta metodoloxía é 1,5 puntos e a nota mínima necesaria para superalas é de 0,7. Serán valoradas en base á participación e entrega de resultados de cada sesión e a unha proba obxectiva que se realizará durante a última sesión. Nesta actividade evaluaranse as competencias A19, A20, A22, A23, A24, B1, B3, B5, B7, C3, C6	15
Solución de problemas	Valorarase ata un máximo de 0,5 puntos a asistencia. Avaliarase a participación na resolución dos problemas plantexados e poderanse recoller periódicamente exercicios ou cuestións propostos durante as sesións correspondentes. Nesta actividade evaluaranse as competencias A1, A3, A12, A15, B1, B2, B4, C1, C6	15
Proba mixta	Exame que computa o 70 % da nota final. Durante o cuadrimestre realizarase unha proba parcial que permitirá eliminar parte da materia no caso de obter unha nota igual ou superior a 5 (sobre 10). Nesta actividade evaluaranse as competencias A1, A3, A12, A14, A15, A25, B2, C1, C6	70

Observacións avaliación



Para superar a materia será preciso obter, tanto na proba como no resto de actividades avaliáveis, unha nota non inferior ó 4 (sobre 10), e acadar, sumadas as cualificacións de tódalas actividades unha nota mínima de 5 (sobre 10). De non alcanzarse a dita puntuación mínima en algunha das actividades avaliáveis, e no caso de que a nota final fóse maior ou igual a 5 (sobre 10), a materia figurará como suspensa (4,5).

A

avaliación dos alumnos na segunda oportunidade seguirá os mesmos criterios que na primeira oportunidade. Os alumnos avaliados na segunda oportunidade só poderán optar á matrícula de honra se o número máximo de éstas para o curso correspondente non se cubriu na primeira oportunidade. As cualificacións das prácticas de laboratorio e dos seminarios de resolución de problemas conservaranse para a segunda oportunidade de xullo. A cualificación da proba de xullo substituirá á obtida na proba de xuño.

Os alumnos que por razóns xustificadas non participen nas actividades de avaliación continua voluntarias, poderán facer un traballo equivalente acordado ca profesora.

As prácticas de laboratorio realizaranse según o calendario oficial publicado ó principio do cuadrimestre.

Para

obter a cualificación de non presentado, os alumnos non poderán ter participado en máis dun 25 % das actividades avaliáveis programadas.

Polo

que se refire a sucesivos cursos académicos, o proceso de ensinanza-aprendizaxe, incluída a avaliación, refírese a un curso académico, e polo tanto voltaría a comezar cun novo curso, incluídas todas as actividades e procedementos de avaliación que fosen programadas para o dito curso.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Fidalgo & Fernández (). Física General. Everest- Tipler & Mosca (). Física para la ciencia y la tecnología . Reverté- Sears, Zemansky, Young & Freedman (). Física Universitaria . Addison Wesley Longman
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Lea & Burke (). Física, la naturaleza de las cosas. Paraninfo- Angel Franco García (2006). Prácticas de Física. http://www.sc.ehu.es/sbweb/fisica/- Burbano de Ercilla, Burbano García & Gracia Muñoz (). Problemas de Física. Mira

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Matemáticas 2/610G01002

Materias que continúan o temario

Matemáticas 1/610G01001

Física 1/610G01003

Observacións

É necesario ter coñecementos de física e matemáticas de bacharelato. Recoméndase asistir ó curso de nivelación que se imparte na Facultade de Ciencias no mes de setembro.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías